

REGULAMENTO PARA A MODALIDADE DE COMPETIÇÃO EN BLOQUE



1.1- DIFICULTADE EN BLOQUE

A escalada de dificultade en bloque consiste na escalada de rutas de pequena altura e grande dificultade, nas cales o escalador/ra vai sen corda.

1.2- ZONAS DE ESCALADA

Todas as competicións de escalada autorizadas pola **FGM** (Federación Galega de Montaña), se desenvolven cun determinado regulamento e cunhas condicións mínimas establecidas pola federación. As zonas de escalada ou problemas de Bulder terán unha altura máxima que non permita unha caída superior aos tres metros, considerando a parte mais baixa do corpo, e estarán separadas unhas doutras, de xeito que non sexa posible algún tipo de obstrucción na caída.

A competición constará de 8 problemas clasificatorios e 4 para a final (Masculino / Femenino).

Os problemas terán un mínimo de 4 presas e un máximo de 8 presas de man, salvo os lances.

Os bordes laterais das estruturas e a cima só empregaranse se os organizadores os equipadores os adecuaron e prepararon para ese fin.

Os límites dereito e esquerdo estarán claramente delimitados cunhas marcas continuas e claramente identificables.

As presas de saída de mans para comezar o intento dun paso deberán marcarse claramente. O mesmo que as presas penalizadoras e as presas de top.

1.3- SEGURIDADE

Durante a competición compre tomar todas aquelas medidas necesarias de seguridade. Cada paso deseñarase evitando a posibilidade dunha caída do competidor que poda lesiónalo. Todos os problemas teñen que estar protexidos polas colchonetas.

O xuíz ou o equipador ten que inspeccionar todos e cada un dos pasos para comprobar a seguridade do mesmo en caso de caída antes do comezo da proba, co fin de asegurar de que se tomaron todas as medidas de seguridade.

Asegurarase que todas as medidas de seguridade son acordes aos estándares da FGM.

Asegurarase de que todos os pasos propostos realicense, e aseguranse que o chan esté suficientemente protexido cos quitamedos ou colchonetas.

No caso de que o escalador pida unha protección extra como porteiros, os xuíces son os encargados de pedila á director da proba ou aos equipadores que acheguen un porteiro de seguridade.

Antes do comezo da proba asegurarase de que se dispoñen dos medios axeitados e estean dispoñibles para actuar no caso de accidente ou lesión dun competidor, ou de cualquier outro oficial que traballe dentro da área de competición.

Todos os participantes teñen que usar a camiseta proporcionada pola organización e non se poderá modificar.

O presidente do xurado terá a autoridade para solicitar que se expulse da zona de competición a calquer persoa que non observe as medidas de seguridade.

O presidente do xurado asegurarase de que todos os participantes teñan la licencia federativa ou seguro emitido pola GFGM en vigor.

1.4-PREINSCRICIÓN.

Para participar na proba é necesario ter feita a inscrición previa, que quedara pechada cando a organización determineo.

Porán participar na proba todos aqueles que aporten súa licencia federativa, pero só optaran ao campionato ou copa todos aqueles que a súa licencia federativa estea emitida dentro da comunidade autónoma Galega.

1.5 XUNTANZA TÉCNICA.

Con anterioridade á proba, realizarase unha xuntanza técnica na que se informará dos seguintes puntos

- Confirmación da inscrición
- Saída á clasificatoria é modelo. (Á Americana)
- Hora de inicio da clasificatoria.
- Hora de entrada na zona aillamento.
- Hora de inicio da competición. (Final)
- Números de pasos e método para as roldas. (clasificatoria e final)
- Tempo que se emprega para cada rolda.(Clasificatoria e para a final)
- Graduación estimada dos problemas.
- Método para acceder á final.

1.6 ORDEN DE COMEZO.

No hai orden de comezo para a clasificatoria, todos a vez, á Americana, cun tempo para realizar todos os problemas de tres horas.

No caso da orde para a rolda final será o inverso, de menos a máxima puntuación, e no caso de empates farase ao chou.

Se é necesario unha superfinal seguirase o mesmo modo que para la rolda final, a orde será de mínima a máxima puntuación.

1.7 ZONA DE AILLAMENTO E PREPARACIÓN PREVIA

Na zona de aillamento e quecemento o escalador non poderá estar acompañado doutras persoas allenas á organización, e en ningún caso poderá saír dela salvo cun xuíz ou o director da competición aprobe súa saída.

Todos os escaladores deben levar seu material, pés de gato e magnesio, non se poderá tocar ningunha presa antes de poñerse a escalar no caso de tocar presas conta como intento. Nas roldas finais o escalador terá que estar preparado para cando xuíz o faga saír para a súa participación.

O procedemento para a escalada, nas clasificatorias é de todos xuntos, pero cando se vaia a facer o intento deberán dar ao xuíz seu nome e o número de identificación, non facilitalo anularase o intento no caso de realizalo e contaralle como intento.

Cando un escalador retrasase no seu intento, despois de ser chamado varias veces, en primer lugar sancionárase, como se fixera un intento e en caso de persistir saltaralle o turno e contará como non feito o problema, e como último, descalificarase da proba.

1.8 PROCEDEMENTO Á ESCALADA

1.1 Clasificatoria

Á Americana, todos xuntos e cun tempo de tres horas para realizar os máximos pasos posibles. Na clasificatoria os pasos femeninos e masculinos serán compartidos, pero os pasos terán marcadas as presas penalizadoras, que non afectaran para a categoría feminina pero si á masculina, estes últimos para pasar á final terán que facer o maior número de pasos sen penalizar nas presas marcadas.

1.2 Á Final

Será a organización da proba a que elixa cantos competidores/ras pasan á final, non sendo nunca un número superior a 8 tanto masculino como feminino, sendo 6 participantes o máis recomendable para facer a proba máis fluida.

O período de observación para cada problema de Bulder estará incluído no período de escalada. Cada zona incluírá un área marcada dende onde o competidor poda ver a ruta. En ningún caso o competidor poderá tocar a ruta que vai intentar.

Cada problema de Bulder terá un tempo máximo asignado para poder resolvelo, este tempo máximo será o mesmo para todos os problemas da rolda. Non será inferior a 4 minutos e non excederá dos 6 minutos.

Á entrar en cada zona, ao competidor seralle requerido que se sitúe na liña oficial de saída, neste momento o escalador pode iniciar seu intento ao problema de Bulder ou seguir coa observación. Á final do período para a realización do paso o competidor cesará de escalar e estará preparado para pasar a seguinte zona.

No caso de estar escalando cando o tempo haxa concluído, esperarase ata que o escalador haxa rematado e no caso de encadene contará como bo o intento.

Contará como intento cando o escalador/ra teña todo o corpo elevado do chan, no caso de levantarse do chan e logo volver a tocalo, contará como intento fallido.

O competidor pode preguntar ao xuíz canto tempo quédalle. Ademáis o xuíz informará a cada competidor cando quede soamente 60 segundos do tempo concedido para o intento.

Considérase paso encadeado cando o escalador agarre a última presa claramente marcada e o faga coas dúas mans durante tres segundos contados polo xuíz.

Considérase un intento fallido no caso de

- Caída
- Tocar o chan
- Exceder os límites da ruta.
- Agotar o tempo sen completar o problema.

Un competidor pode intentar un problema tantas veces como quiera dentro do tempo máximo concedido. Se un competidor/ra completa a súa ruta con éxito e dentro do tempo concedido, debe permanecer dentro da zona de escalada do paso hasta que o tempo acábese e sexalle ordeado o paso á seguinte zona, só na final.

O tempo de reposo para o escalador/ra é o mesmo que se da para o intento de escalada.

1.9 Criterio para puntuar

A clasificación despois de cada rolda realizarase tendo en conta os seguintes criterios

- Número de problemas resoltos. Sen penalizadoras
- Número total de intentos realizados para encadear.
- Número de problemas resoltos con penalizadoras.

1.10 Incidentes técnicos.

O xuíz da competición poderá decretar incidente técnico se

Presa rota ou solta.

Calquer outro incidente que poña en desvantaxa ou ventaxa un competidor/ra, non sendo o resultado da acción do propio escalador/ra.

O xuíz debe decretar incidente técnico sempre que se haxa producido calquer situación que deixe en desvantaxa ao competidor/ra debido as axudas externas.

O xuíz de competición pode declarar incidente técnico, a petición do escalador se

a) O competidor/ra non se atopa na posición lexítima debido ao incidente técnico e reclama ao xuíz, quen da a razón ao competidor/ra. no caso duhna presa que se moveu, e se existen dúbidas ao respecto, o xuíz debe pedir ao equipador que o verifique.

b) O competidor/ra permanece na posición lexítima a pesar do incidente técnico, pero reclama ao xuíz que se lle conceda incidente técnico. O escalador debe especificar o ocorrido e agardar a que se lle dea conformidade para abortar seu intento.

Calquer escalador/ra suxeito a incidente técnico, pero que continúe escalando porque atópase na posición lexítima, non pode no caso de caída posterior reclamar incidente técnico, nese intento. Maila se poderá facelo se ten que intentar o mesmo paso se este continúa dañado ou defectuoso.

O competidor/ra suxeito a incidente técnico que afectou a ruta e que reclama ao xuíz, debe deixar o paso en cuestión e esperar dentro da área de escalada marcada ata que finalice o tempo, e se lle ordene desprazarse á seguinte zona. A reparación da zona comezará tan pronto como sexa notificado polo xuíz ao equipador.

Se a reparación da ruta non finaliza antes do tempo de rotación, levarse aos escaladores afectados á zona de aillamento controlando que non podan establecer contacto con ninguén ata que remate a reparación.

Os escaladores afectados polo incidente volverán á ruta unha vez acabadas as rotacións e terán o mesmo tempo para voltar a intentalo.

1.11 Clasificación para cada ronda.

Despois de cada rolda de competición, os competidores situaranse na clasificación segundo resultado obtido sen as presas penalizadoras.

No caso de prazas empatadas usaránse os intentos ou pegues dados a cada paso.

A clasificación final establecerase en función dos resultados obtidos polos competidores. No caso de empate, os competidores empatados nunha mesma praza, terán os mesmos puntos, os competidores clasificados a continuación ocuparán a praza que lles corresponda.

O escalador/ra que realice todos os pasos e obtén a máxima puntuación pasa directamente á final.

No caso de empate para acceder á final, os xuíces serán os encargados de escoller o número de participantes máis pequeno.

Super final:

Se tras a rolda final tendo en conta o resultado da rolda previa, ouvese empates na primeira posición, realizarase unha super final, Considerarase a super final como parte íntegra da rolda final co único propósito de desfacer empates na primeira posición.

A super final realizarase cun único paso e cun único intento, existirá un tempo fixado para a realización do problema, e o escalador deberá de comezar a escalar antes dos 40 segundos, no caso de non encadear seguirán intentándoo, se isto persiste, volver a comezar a rolda de super final con outro problema.

1.12 Puntuación para clasificación.

1-	100pts
2-	80.
3-	65.
4-	55.
5-	51.
6-	47.
7-	43.
8-	40.
9-	37.
10-	34.
11-	31.
12-	28.
13-	26.
14-	24.
15-	22.
16-	20.
17-	18.
18-	16.
19-	14.
20-	12.
21-	10.
22-	9.
23-	8.
24-	7.
25-	6.
26-	5.
27-	4.
28-	3.
29-	2.
30-	1.

* No caso de cun competidor **non haxa realizado ningún paso**, indistintamente na posición que quedase a **súa puntuación é “0”**.

* A partires do 30 clasificado, terá **“0”** de puntuación

* As presas penalizadoras só contan para o resultado da competición nunca contarán para a clasificación xeral.

1.13. Táboa para marcar resultados.

Nesta taboa marcaranse todos os resultados dos participantes tanto masculinos como feimnininos, e sempre hai que poñer nome e apelidos.

Esta cartilla de marcaxe de resultados da proba, na clasificatoria, daráselle unha a cada participante e na final serán os xuíces quenes teñan a cartilla para ir marcando o resultado.



Copyright © Federación Galega de Montañismo | Páxina oficial da FGM | Condicións de uso

Rúa Fotógrafo Luis Ksado nº17 - of. 10 - 36209 - VIGO - GALICIA

Tel.: 986 20 87 58 - Fax: 986 20 74 07

info@fgmontanismo.es

webmaster@fgmontanismo.es